



**4, 5 e 6 DECEMBRO 2015**  
**PAZO DA CULTURA-PONTEVEDRA**

## **BASES DA CONVOCATORIA PARA PROPOÑER ACTIVIDADES E PRESENTACIÓNS**

A Feira das Industrias Culturais quere ser un espazo de divulgación dos proxectos máis interesantes da cultura galega actual. Con este obxectivo, ademais de ofrecer espazos de exposición para as entidades que forman parte do tecido cultural e espazos de debate e reflexión, Culturgal abre unha convocatoria para a proposta de actividades ou presentacións que darán a coñecer proxectos, produtos e servizos.

### **Quen pode participar?**

A convocatoria está aberta a empresas, persoas, asociacións e outras entidades, que poderán presentar proxectos empresariais ou creativos de calquera disciplina ou sector das industrias culturais, sempre e cando teñan participación galega.

Aquelas propostas presentadas por entidades que, ademais, contrataran un stand, serán valoradas con prioridade no proceso de selección. En calquera caso, a contratación dun stand non implica a inclusión das propostas no programa de Culturgal 2015, senón somentes unha vantaxe á hora de seleccionar propostas e presentacións.

### **Cales son os beneficios dos proxectos seleccionados?**

- Formar parte do programa da Feira, obtendo visibilidade e difusión entre profesionais, programadores, líderes de opinión e público xeral
- Promoción e publicidade nos soportes de comunicación de Culturgal
- Producción técnica, de ser o caso, segundo espazo e acondicionamento de cada área

### **Cales son os espazos de programación?**

Culturgal 2015 artículase en base ás seguintes grandes áreas ou sectores: Libro, Música, Artes Escénicas, Audiovisual, Infantil (cun espazo dedicado á programación específica para bebés). A organización da Feira procura un deseño espacial e un percorrido que sexan cómodos e sinxelos, tanto para facilitar que o público xeral teña unha experiencia satisfactoria cun itinerario que atenda aos seus intereses persoais como para que todas aquelas entidades e creadores presenten os seus proxectos na feira nas mellores condicións.



**4, 5 e 6 DECEMBRO 2015**  
**PAZO DA CULTURA-PONTEVEDRA**

### **Abónanse cachés ou gastos de desprazamento?**

O Culturgal é un espazo para a mostra colectiva de espectáculos e propostas artísticas en formatos express ou showcase dirixidas principalmente a públicos específicos, formadores de opinión e programadores. Non contemplamos o pago de cachés por entender que a mostra é un espazo de difusión e de posicionamento de produtos e espectáculos, así mesmo a exhibición de propostas é unha achega corresponsable que redunda no ben común e na autoestima da cultura galega.

Nas actividades que se desenvolvan ao vivo na Feira a organización fará unha achega económica para compensar os gastos de artistas e creadores/as. Esta axuda afecta só a artistas e creadores/as e, en ningún caso, aos representantes das entidades editoras, produtoras ou similares que participen nas presentacións. Por norma xeral serán 50 euros por persoa, no caso de artistas que se despracen desde a propia provincia de Pontevedra a axuda será de 25 €. Dita axuda será abonada a un máximo de 4 artistas/creadores por presentación. Aqueles artistas ou creadores que acudan no mesmo día a máis dunha presentación só terán opción á axuda por unha delas.

Ditas cantidades serán abonadas pola organización previa presentación de factura pola entidade representante ou ben mediante a emisión dos correspondentes recibos a nome dos beneficiarios da axuda. A organización habilitará un servizo de administración propio no recinto onde se deberá tramitar a entrega da documentación necesaria para o pagamento. Advírtase que o pagamento tramítase ou ben na mesma Feira ou ben mediante o envío por email de factura dixital ou escaneada nos días posteriores.

*O prazo de recepción de facturas por este concepto remata o 22 de decembro de 2015.*

### **Cando remata o prazo de presentación de propostas de actividades ou presentacións?**

O prazo para a presentación de propostas de actividades ou presentacións **ábrese o día 16 de xuño e péchase o 30 de setembro**. Malia a existencia destes prazos a organización irá confirmando as propostas seleccionadas a medida que as reciba e decida a súa programación, respondendo aos criterios que se citan a continuación. Polo tanto animamos a todas as persoas ou organización interesadas a que envíen as súas propostas a medida que as teñan definidas.

### **Que documentación hai que enviar?**

As empresas, persoas, asociacións ou colectivos interesados en participar deben enviar por correo electrónico a [propostas@culturgal.com](mailto:propostas@culturgal.com) a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición dispoñible na web [www.culturgal.com](http://www.culturgal.com)
- Información técnica orientativa para a produción da actividade, incluíndo, de ser necesario, plano de colocación do espazo escénico adecuándose aos espazos



**4, 5 e 6 DECEMBRO 2015**  
**PAZO DA CULTURA-PONTEVEDRA**

disponibles na Feira. Non se terá en conta ningunha proposta se non se recibe con este apartado correctamente cumplimentado.

- Calquera outra documentación de interese para a comprensión, valoración e/ou promoción do proxecto.

### **Cales son os criterios de selección?**

A organización da Feira levará a cabo a selección das propostas, co apoio e colaboración das entidades que forman parte da Asociación Culturgal, atendendo aos seguintes criterios:

- Adecuación aos valores e obxectivos da Asociación Culturgal, entre os que destaca a promoción e o desenvolvemento da lingua e da cultura galegas.
- Calidade do proxecto, adecuación ao contexto cultural galego e innovación na súa formulación.
- Complementariedade entre as distintas propostas a nivel global.
- Viabilidade técnica, material e económica.

A organización dará **prioridade** ás propostas que teñan en conta as seguintes premisas:

- Lanzamento e estrea de produtos e proxectos que teñan Culturgal como primeiro espazo de presentación. Proxectos que veñan de ser publicados ou presentados ou que o vaian selo en pouco tempo. Valorarase ademais o adianto de proxectos en proceso.
- Produtos e proxectos que impliquen colaboración entre empresas do mesmo sector ou entre empresas de sectores diferentes.
- Propostas presentadas por entidades con stand na Feira.
- Propostas presentadas por empresas asociadas ás entidades que forman parte da Asociación Culturgal.
- Propostas que acheguen os procesos creativos ao público.
- Uso de formatos de presentación singulares, non estandarizados, que incidan na participación do público.
- Produtos ou servizos dirixidos a profesionais das industrias culturais.

Unha vez seleccionados os proxectos, a organización de Culturgal decidirá horarios e espazos para as diferentes actividades. Salvo excepcións, debidamente xustificadas, e no que atixen aos espectáculos do sábado 5 noite e domingo 6 mañán no Auditorio do Pazo da Cultura, a duración máxima das presentacións será de 25 minutos e deberá adaptarse, en calquera caso, ao equipamento, formato e espazo de presentación. Estes condicionantes redundarán na confección dun programa amplo e dinámico que beneficiará a todas as partes: organización, público xeral, profesionais e creadores /artistas.



**4, 5 e 6 DECEMBRO 2015**  
**PAZO DA CULTURA-PONTEVEDRA**

## **SELECCIÓN ESPECÍFICA DE ESPECTÁCULOS PARA SÁBADO 5 NOITE E DOMINGO 6 MAÑÁ NO CULTURGAL 2015**

A organización de Culturgal 2015 abrirá convocatoria de recepción de propostas para ser programadas no Auditorio do Pazo da Cultura na noite do sábado 5 e na mañá do domingo 6 dentro da programación de CULTURGAL 2015.

A proposta artística do sábado á noite será dirixida ao público adulto e a proposta artística do domingo á mañá estará dirixida ao público infantil e familiar.

Serán considerados como actos especiais da feira no que respecta á súa comunicación e difusión pública e será obrigatorio cobrar entrada cuxa recadación será íntegra para a empresa promotora en concepto de pago de cachés e gastos xerados pola organización e xestión do espectáculo.

### **Criterios de selección**

A organización da Feira levará a cabo a selección das dúas propostas, unha para o sábado á noite e outra para a matinal do domingo, co apoio e colaboración das entidades que forman parte da Asociación Culturgal, atendendo e dando prioridade na valoración e decisión aos seguintes criterios:

- Proxectos que teñan Culturgal como primeiro espazo de presentación. Proxectos que acaben de ser publicados ou que o vaian selo en pouco tempo. Será imprescindible que non fosen presentados en Pontevedra anteriormente.
- Adecuación aos valores e obxectivos da Asociación Culturgal, entre os que destaca a promoción e o desenvolvemento da lingua e da cultura galegas.
- Calidade do proxecto, adecuación ao contexto cultural galego e innovación na súa formulación.
- Viabilidade técnica, material e económica de acordo as premisas indicadas pola organización. Propostas economicamente sustentables co recadado na billeteira.
- Experiencia das empresas candidatas en espectáculos e outros eventos similares
- Propostas presentadas por empresas asociadas aos gremios que forman parte da Asociación Culturgal.



## **4, 5 e 6 DECEMBRO 2015 PAZO DA CULTURA-PONTEVEDRA**

- Proposta presentada por entidade con stand na Feira.
- Proposta presentada por varios expositores en común.
- Uso de formatos de presentación singulares, non estandarizados.

A organización de CULTURGAL 2015 ofrece:

- Xestión da venta online das entradas (se for necesario) e xestión do persoal de billeteiras e entrada.
- Espazo escénico á completa disposición o día da actuación.
- A recadación íntegra de taquilla (tras impostos e pago de xestión de dereitos)
- Soportes publicitarios integrados dentro da programación previa e durante a feira.
- Excepcionalmente. Equipamento e persoal técnico acorde ás necesidades do espectáculo

A participación implica a aceptación íntegra das bases. Calquera dúbida sobre a interpretación das bases será resolta pola organización de Culturgal 2015 a través do correo [propostas@culturgal.com](mailto:propostas@culturgal.com)

Para presentar unha proposta que opte a ser programada nalgún destes apartados do Culturgal débese enviar un mail a [propostas@culturgal.com](mailto:propostas@culturgal.com), adxuntando os datos da empresa ou institución que o presenta así como un dossier do espectáculo que conteña como mínimo a seguinte información; descrición da proposta, punto do proceso de produción no que se encontra, xustificación da orixinalidade da proposta, especificacións técnicas, especificando claramente no asunto PROPOSTA SÁBADO NOITE ou PROPOSTA DOMINGO MATINAL. Se a organización precisa máis información da recibida poñerémonos en contacto con vós.